



Vexa o vídeo. Coa voz de Carl Sagan, pódese gozar dunha curta de catro minutos onde se constrúen representacións realistas de planetas e lúas do Sistema Solar coa presenza humana instalado neles.

Está dirixido por Erik Wernquist, artista dixital sueco, que rescatou a voz de Sagan do seu audiolibro *Pale Blue Dot: A Vision of the Human Future in Space*.

**Wanderers** é o título da curtametraxe que está causando sensación na rede. Unha pequena pero moi inspiradora produción que nos mostra con imaxes dunha beleza inmensa como será o día no que a presenza da humanidade estea espallada por todo o Sistema Solar.

"Todos os escenarios representados nesta curtametraxe son recreacións de lugares do noso sistema solar". Con esta frase arrinca esta pequena xoia de catro minutos

Pero **Wanderers** non é un documental sobre o espazo, é unha visionaria produción, que nos ofrece a súa versión de como se vería o universo si a humanidade ampliase o seu campo de acción máis aló do planeta Terra.

## VIDEO